

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O
DIA 22 DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día 22 de abril de dous mil dezaseis, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de data 08-04-2016.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobadas por unanimidade.

2.-Licenzas de obras maiores.

2.1.- Solicitud de licenza de dona Iria M^a Pérez Mouriz, en representación de Pérez Mouriz SC, para construción de silo tipo trinchera, soleira e camiño, en Augalevada Vilouzán.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Ref^a.0160407 2

Expediente de autorización das obras de **CONSTRUCCIÓN DE SILO TIPO TRINCHERA, SOLERA Y CAMINO**, no lugar de Augalevada, parroquia de Vilouzán, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: D. José Alberto Gallego Becerra, colexiado nº 583 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove PÉREZ MOURÍZ S.C., con N.I.F.: J27451442. Presentando ante este concello un PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE SILO TIPO TRINCHERA, SOLERA Y CAMINO con a finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º ANTECEDENTES:

Que o promotor PÉREZ MOURÍZ S.C, pretende mellorar a explotación gandeira, polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

Construción de silo tipo trinchera, solera e camiño con unha superficie de:

- SILO: 557 m³ e 309,6m² en planta, correspondente a 2 silos de: 24x12,9x1,8 m.

- SOLERAS: 2 solera de 355 m² e 70m² de planta irregular.

- CAMIÑO: 165 m² que dará servizo ó estable existente e os silos proxectados.

E un presuposto de execución material de: 31.592,53 €.

2º CONDICIÓN S DE PARCELA:

A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro co nome de “GANDARÓN”, e situada no polígono: 18, parcela: 800, do Concello de Láncara, según o cal posúe unha superficie total de: 16.722 m².

CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓNS

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

4 - En solo Rústico

Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificación ou instalación en solo rústico deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas:

- a) Acceso rodado público adecuado á implantación.
- b) Abastecemento de auga.
- c) Evacuación e tratamento de augas residuais
- d) Subministro de enerxía eléctrica
- e) Recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos.
- f) Se for o caso, previsión de aparcadoiros.
- g) Corrección de repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- h) Cumprimento das demais condicións (uso, edificación, posición, etc.) que se especifican neste Plan Xeral.

Estas solucións deberán ser asumidas polo promotor da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso e achegando as garantías esixidas para os efectos pola administración.

PROXECTO: CUMPRE

3º CONDICIÓN DAS CONSTRUCIONS:

Unha parte da finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, recollido na disposición transitoria 11 da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002, e nos artigos 33 e 37. Art. 33 **Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos construtivos. Artículo 37º.-Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras.**

2. Suelo rústico especialmente protegido, constituido por los terrenos que por sus valores agrícolas, ganaderos, forestales, ambientales, científicos, naturales, paisajísticos, culturales, sujetos a limitaciones o servidumbres para la protección del dominio público o de otra índole deban estar sometidos a algún régimen especial de protección incompatible con su transformación, de acuerdo con lo dispuesto en este apartado. Dentro de este tipo de suelo rústico especialmente protegido se distinguirán las siguientes categorías:

a) Suelo rústico de protección agropecuaria, constituido por los terrenos de alta productividad agrícola o ganadera, puesta de manifiesto por la existencia de explotaciones que la avalen o por las propias características o potencialidad de los terrenos o zonas donde se enclaven, así como por los terrenos objeto de concentración parcelaria a partir de la entrada en vigor de la Ley 9/2002 y por los terrenos concentrados con resolución firme producida en los diez años anteriores a esta fecha, salvo que hayan de ser incluidos en la categoría de suelo rústico de protección forestal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA DECIMOPRIMERA.-EXPLOTACIÓN E INSTALACIONES DE APOYO A LA ACTIVIDAD AGROPECUARIA Y ASERRADEROS EXISTENTES.

1. Las construcciones e instalaciones situadas en suelo rústico o en suelo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas con la

explotación y con el apoyo a la actividad agropecuaria, de primera transformación de productos agroganaderos y forestales, así como los aserraderos de madera, existían en el momento de la entrada en vigor de la presente ley podrán mantener su actividad, aunque no estén amparadas en las preceptivas licencias municipales de edificación o de actividad, sin necesidad de las mismas.

En estas construcciones podrán permitirse, previa obtención de licencia urbanística municipal, las obras de reconstrucción, rehabilitación, conservación y reforma necesarias siempre que mantengan la actividad de explotación o apoyo a la actividad agropecuaria o de aserradero, adoptando las medidas correctoras oportunas para garantizar las condiciones sanitarias y ambientales.

Las construcciones e instalaciones situadas en suelo rústico o en suelo de núcleo rural citadas que existían a la entrada en vigor de la presente ley, para su regularización, deberán abonar en el ayuntamiento respectivo el impuesto municipal de construcciones, instalaciones y obras.

2. Asimismo, podrá permitirse, previa obtención de la licencia urbanística municipal, la ampliación de las construcciones destinadas a la explotación o apoyo a la actividad agropecuaria, incluso en volumen independiente, cumpliendo las condiciones de edificación establecidas en el artículo 42º de la presente ley y en el planeamiento urbanístico vigente, excepto en lo que refiere a las condiciones de parcela mínima edificable, retranqueos, ocupación y volumen máximos, distancias mínimas a viviendas y a asentamientos de población. En caso de las construcciones destinadas a aserraderos también se permitirá su ampliación siempre que cumplan las condiciones de edificación establecidas en el artículo 42º de la presente ley y en el planeamiento urbanístico, excepto en lo que se refiere a la superficie máxima ocupada por la edificación sin superar el límite del 60% de la superficie de la parcela.

En todo caso, deberá mantenerse el estado natural del terreno, o con plantación de arbolado o especies vegetales, como mínimo, en un tercio de la superficie de la parcela.

3. Este mismo régimen será de aplicación a las edificaciones, construcciones e instalaciones vinculadas a la explotación o apoyo de la actividad agropecuaria y aserraderos amparados en licencia urbanística otorgada antes de la entrada en vigor de la presente ley.

PROXECTO: CUMPRE

Plan Xeral Ordenación Municipal de Lán cara, no seu apartado:

Capítulo 51. SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA:

Art. 51.3 USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS:

1 - Serán permitidos ou autorizables os usos e actuacións indicados co código S.R.P.AG. na táboa do art. 49.4 e tras o trámite, municipal ou autonómico, correspondente:

- a) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

ART. 51.5. CONDICIÓN S PARTICULARES E ADICIONAIS

Serán de aplicación as dispostas para solo rústico de protección ordinaria, nos art. 50.3 e art. 50.4 respectivamente, excepto no referente a novas plantacións forestais, que están prohibidas nesta categoría de solo rústico.

Art. 50.3 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

2- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

a) As fachadas e cubertas formadas por planos continuos, sen quebras nas pendentes.

PROXECTO: non aparece descrito

b) Fachadas: poderán ser de cantaría ou cachotería sen revestir. En caso de revestimentos estes serán de morteiro pintado ou estucos de exteriores.

PROXECTO: non aparece descrito o aspecto físico dos muros do silo.

3.-CONDICIONES DA EDIFICACION

	PX.O.M.	PROXECTO
Parcela mínima:	5.000 m ²	16.722 m ² Cumpre
Ocupación máxima:	40%	
	explotacións agropecuarias	4,93 % Cumpre
Volume máximo:	Similar as edificacións tradicionais existentes no entorno SI	Cumpre
Altura max:	7.00 m	1.80 m. Cumpre
Pendente max. Cuberta:	30°	Cumpre

Outra pequena parte da finca, sobre a cal se pretende intervir, atópase en terreos clasificados como SOLO DE NÚCLEOS RURAIS, recollido na disposición transitoria 11ª da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002, no Artigo 29 redactado polo número 7 do artigo único da Ley 2/2010, 25 marzo, das medidas urxentes da modificación da Ley 9/2002, de 30 do decembro, da ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Subsección 3. Condicións de edificación. Artigo 29: **Condicións de edificación**

1. Nos núcleos histórico - tradicionais, no ámbito delimitado como tal nos núcleos rurais complexos, as novas edificacións que se pretendan emprazar nos núcleos rurais identificaranse cas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) A parcela mínima edificable non será inferior a 300 metros cadrados, salvo casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores ubicadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a parcela mínima.

b) As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes co paisaxe rural e cas construcións tradicionais del asentamento. En tanto, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra e os materiais tradicionais propios da zona. Nos casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, podrán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, o paisaxe rural e as edificacións tradicionais do entorno.

d) A altura da edificación non excederá da planta baixa e piso, nin de un máximo de 7 metros medidos na forma establecida no artigo 42º, apartado 1, letra c), da presente lei.

e) A cuberta tenra unha pendente igual o inferior a media das existentes no asentamento, nunca superior a 40º, e estará formada por planos continuos sen quebras nas súas vertentes.

f) Para as novas construcións, serán obrigatorios, salvo nas alienacións estables ou consolidadas, os retranqueos mínimos con respecto as vías de acceso, que en todo caso terán que separarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía, e 3 metros con respecto o lindeiro posterior. No caso de que se desexase retranquear unha edificación os lindes laterais, o retranqueo habrá de ser, coma mínimo, de 3 metros.

g) Para autorizar as edificacións se esixirase ter resoltos, con carácter previo a costa do promotor, o menos os servizos de acceso rodado, abastecimento da auga, evacuación y tratamento das augas residuais e suministro da enerxía eléctrica, o, en outro caso, garantir a execución simultánea ca edificación.

PROXECTO: CUMPRE

Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, en su apartado:

Capítulo 45. **ORDENANZA DE CIRCUNSCRICIÓN DE NÚCLEO RURAL (NÚCLEO TRADICIONAL):**

Debido a que unha parte das soleiras e o camiño esta na dentro do núcleo rural de Augalevada.

ART. 45.4. TIPOS DE ACTUACIÓNS

Asemesmo de acordo coa Disposición Transitoria 11ª da modificación da Lei 9/2002, tamén poderanse permitir, trala autorización autonómica segundo o procedemento regulado no art. 41 da citada lei, a ampliación das explotacións agropecuarias existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002 que foran recoñecidas pola administración correspondente.

ART. 45.5. CONDICIÓN DE USO

1 - Uso característico principal: Residencial: Uso 1.1.

2 - Usos Permitidos, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica do asentamento e o novo uso contribúa a revitalizar a vida rural e mellorar o nivel de vida dos seus habitantes e que, en todo caso, resulten compatibles co uso principal:

h) Agropecuario (Uso 9): Agropecuario familiar, tipo a.

CUMPRE

ART. 45.6. CONDICIÓN DE PARCELA:

1 - Parcela mínima: 300 m²

2 - Fronte mínima: 6 m.

3 - Fondo mínimo: 12 m.

4 - Estas condicións poderán verse alteradas naqueles casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores á mínima establecida localizadas entre outras xa edificadas que imposibiliten o seu cumprimento.

CUMPRE

ART. 45.7. CONDICIÓN DE POSICIÓN

2 - Recuamentos mínimos: Sen prexuízo do cumprimento da lexislación ectorial que fose de aplicación, respectaranse as seguintes distancias da Edificación:

a) A lindeiros laterais e testeiro:

En caso de tipoloxía illada 3 m.

A edificación poderá unirse aos lindeiros laterais e/ou testeiro, sendo necesario acordo do propietario contiguo cando non estivesen edificadas.

b) A eixes de rúas ou camiños públicos: tomaranse as aliñacións reflectidas nos planos de ordenación dos núcleos.

Proxecto:

Disposición transitoria 11ª da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002.

2. Asimismo, podrá permitirse, previa obtención de la licencia urbanística municipal, la ampliación de las construcciones destinadas a la explotación o apoyo a la actividad agropecuaria, incluso en volumen independiente, cumpliendo las condiciones de edificación establecidas en el artículo 42º de la presente ley

y en el planeamiento urbanístico vigente, excepto en lo que refiere a las condiciones de parcela mínima edificable, retranqueos, ocupación y volumen máximos, distancias mínimas a viviendas y a asentamientos de población.

E polo que se informa favorable, sempre e cando se teña en conta o artigo 50.3 do P.X.O.M. do concello de Láncara:

Art. 50.3 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

2- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

b) As fachadas podrán ser de cantaría ou cachotaría sen revestir. Excepcionalmente, en caso de ter revestimientos, estes serán de morteiros pintados ou estucos de exteriores, prohibíndose calquera outro material de acabado.

A finca rexistrada na Sede do Catastro como polígono 18, parcela 800, encontrase ubicada no núcleo rural de Augalevada, parroquia de Vilouzán (Láncara), cunha superficie de: 16.722 m² según o rexistro catastral. Este emprazamento encontrase dentro do núcleo rural de Augalevada, según o P.X.O.M. do Concello de Láncara actualmente en vigor (plano de delimitación de núcleos 0-87). Neste mesmo plano observamos que a devandita finca esta afectada pola área de protección do castro de Santalla, recollido no plano 1-49 como:

PROTECCIÓN INTEGRAL DE GRADO II A

E polo que se propón enviar a Consellería de Cultura o 22 de Abril de 2016”.

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que emita a correspondente autorización.

Segundo.- Acordar a suspensión do prazo legal para resolver o procedemento da solicitude de trámite da licenza de construción de **silo tipo trinchera, soleira e camiño**, no lugar de Augalevada , parroquia de Vilouzán Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: José Alberto Gallego Becerra, colexiado nº 583 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove Dona Iria M^a Pérez Mouriz, en representación de Pérez Mouriz S.C. En cumprimento do establecido no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

2.2.- Solicitude de licenza de don Rubén Grandas López, para proxecto de construción de almacén agrícola, en Susaos Cedrón.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Ref^a.0160420.01

Expediente de autorización das obras de construción dunha **nave almacén para maquinaria agrícola**, no lugar de Santiago de Cedrón nº 6, parroquia de Susaos, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: D. Diego Fernández Otero, colexiado nº 849 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo,

e que promove D. Rubén Grandas López , con D.N.I.: 33.545.075-N. Presentando ante este concello un PROXECTO DE ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA con a finalidade de obter as oportunas licenzas urbanísticas.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colegiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Que o promotor: D. Rubén Grandas López, pretende mellorar a conservación da maquinaria da explotación gandeira, polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

Construción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria cunha superficie de 220,50 m², unhas dimensións de: 10.5 x 21 m, unha altura: 6.37 m, e un presuposto de execución material de: 16.796,45 €.

A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro co nome de Rebordela, e situada no polígono: 16, parcela: 1898 do Concello de Láncara, según o cal posúe unha superficie total de: 6.305.69 m².

2º Que a finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, recollido na disposición transitoria 11ª da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002, nos artigos 33 e 37. Art. 33 **Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos construtivos. Artículo 37º.-Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras.**

2. Suelo rústico especialmente protegido, constituido por los terrenos que por sus valores agrícolas, ganaderos, forestales, ambientales, científicos, naturales, paisajísticos, culturales, sujetos a limitaciones o servidumbres para la protección del dominio público o de otra índole deban estar sometidos a algún régimen especial de protección incompatible con su transformación, de acuerdo con lo dispuesto en este apartado.

Dentro de este tipo de suelo rústico especialmente protegido se distinguirán las siguientes categorías:

a) Suelo rústico de protección agropecuaria, constituido por los terrenos de alta productividad agrícola o ganadera, puesta de manifiesto por la existencia de explotaciones que la avalen o por las propias características o potencialidad de los terrenos o zonas donde se enclaven, así como por los terrenos objeto de concentración parcelaria a partir de la entrada en vigor de la Ley 9/2002 y por los terrenos concentrados con resolución firme producida en los diez años anteriores a esta fecha, salvo que hayan de ser incluidos en la categoría de suelo rústico de protección forestal. No obstante, el plan general podrá excluir justificadamente de esta categoría los ámbitos colindantes sin solución de continuidad con el suelo urbano o con los núcleos rurales que resulten necesarios para el desarrollo urbanístico racional, que serán clasificados como suelo urbanizable o incluidos en la delimitación de los núcleos rurales, respectivamente.

d) Suelo rústico de protección de las aguas, constituido por los terrenos, situados fuera de los núcleos rurales y del suelo urbano, definidos en la legislación reguladora de las aguas continentales como cauces naturales,

riberas y márgenes de las corrientes de agua y como lecho o fondo de las lagunas y embalses, terrenos inundados y humedales y sus zonas de servidumbre

Asimismo, se incluirán en esta categoría las zonas de protección que a tal efecto delimiten los instrumentos de planeamiento urbanístico y de ordenación del territorio, que se extenderán, como mínimo, a la **zona de policía definida por la legislación de aguas**, salvo que el plan justifique suficientemente la reducción. Igualmente, tendrán dicha consideración los terrenos situados fuera de los núcleos rurales y del suelo urbano con riesgo de inundación, y aquéllos bajo los cuales existan aguas subterráneas que deban ser protegidas. No obstante lo anterior, las corrientes de agua de escasa entidad que discurran dentro del ámbito de un sector de suelo urbanizable quedarán debidamente integradas en el sistema de espacios libres públicos, con sujeción al régimen de suelo urbanizable.

Polo que precisará autorización administrativa previa do Organismo de Conca, que será independente de calquera outra que deba ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.

Plan Xeral Ordenación Municipal de Lán cara, en su apartado:

CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓN S

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

4 - En solo Rústico

Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificación ou instalación en solo rústico deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas:

- a) Acceso rodado público adecuado á implantación.
- b) Abastecemento de auga.
- c) Evacuación e tratamento de augas residuais
- d) Subministro de enerxía eléctrica e) Recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos.
- f) Se for o caso, previsión de aparcadoiros.
- g) Corrección de repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- h) Cumprimento das demais condicións (uso, edificación, posición, etc.) que se especifican neste Plan Xeral.

Estas solucións deberán ser asumidas polo promotor da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso e achegando as garantías esixidas para os efectos pola administración.

CUMPRE

Art. 49.4 USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS, do:

- a) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

CAPITULO 54. SOLO RÚSTICO DE PROTECCION DE AUGAS (S.R.P.A.)

Art. 54.2 CONDICIÓN S XERAIS

- 1- A protección de leitos e ribeiras regúlase pola Lei de augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo) e o RD. 849/1986 de 11 de abril modificado polo RD. 606/2003, do 23 de maio, polo que se establecen as zonas protección do Dominio Público Hidráulico e as autorizacións de obras e vertido, que establecen as proteccións das augas superficiais e das subterráneas renovables, tanto correntes naturais, continuas ou descontinuas, lagos ou lagoas, como de acuíferos subterráneos.

Art. 54.3 NORMAS DE PROTECCIÓN

- 2- Nos casos en que sexa preceptivo, darase estrito cumprimento ao establecido nos Decretos da Xunta de Galicia nº 442/90 e 327/91, e nos Reais Decretos 1302/86 e 1131/88, procurando evitar a localización de instalacións e edificios asociados a estes usos nas faixas de protección.

4º Construción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria con unha superficie de 220,50 m², unhas dimensións de: 10.5 x 21m, unha altura: 6.37m, e un presuposto de execución material de: 16.796,45 €.

Art. 54.7 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A características da edificación a realizar, neste tipo de solo, recollese no capítulo 54 do P.X.O.M. de Lán cara, actualmente en vigor. No seu art. 54.7 CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN nos informa que serán de aplicación as dispostas para o solo rústico enumeradas no art. 49.6.:

2- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

- a) As fachadas e cubertas formadas por planos continuos, sen quebros nas pendentes.

CUMPRE

- b) Fachadas: poderán ser de cantaría ou cachotería sen revestir. En caso de revestimentos estes serán de morteiro pintado ou estucos de exteriores.

CUMPRE

3.- CONDICIONES DA EDIFICACION (S.R. PROTECCIÓN DE AGROPECUARIO. ZONA DE POLICIA)

	PX.O.M.	PROXECTO
Parcela mínima:	5.000 m ²	6.305,69 m ² Cumpre
Ocupación máxima:	40% establecementos acuicultura 20% nos restos dos casos.	3.38 % Cumpre
Volume máximo:	Similar as edificacións tradicionais existentes no entorno.	SI Cumpre
Recuamentos a lindeiros:	5.00m	5m Cumpre
Altura max:	7.00 m	6.37m CUMPRE
Pendente max. Cuberta:	30º	6º Cumpre

CUMPRE

E polo que se informa FAVORABLE, CONDICIONADO AO INFORME DO ORGANISMO DA CONCA, debido a estar en ZONA DE POLICÍA, según o art. 68.7 Protección do Dominio Hidráulico do actual Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lán cara”

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Dar conta deste acordo á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para que emita a correspondente autorización.

Segundo.- Acordar a suspensión do prazo legal para resolver o procedemento da solicitude de trámite da licenza de construción de **almacén agrícola**, no lugar de Susaos, parroquia de Cedrón Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: Don Diego Fernández Otero, colexiada nº 849 do Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove Don Rubén Grandas López .En cumprimento do establecido no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

3.- Escritos varios.

3.1.- Escrito de María Teresa López Pernas, Traballadora Social do Concello, sobre revisión da capacidade económica da usuaria do servizo de axuda no fogar dona Julia Leirado López, propoñendo modificar á aportación económica da usuaria a efectos do mes de maio de 2016.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Estimar a proposta formulada pola Traballadora Social.

3.2.- Escrito da Asociación de Nais e Pais (ANPA) do CPI Ramón Piñeiro, solicitando o peche da porta que da ó centro de saúde e arranxo do vallado de dita zona, coa altura suficiente para evitar diferentes perigos

Igualmente é imprescindible realizar as obras necesarias para retirar o muro de peche do colexio, que orixina numerosos problemas de visibilidade con perigo para a seguridade de alumnado e demais membros da comunidade educativa

Coñecido que o Consello a Xunta aprobou un programa a cinco anos para renovar e construír colexios e institutos na comunidade

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que reserve fondos do programa de Renovación de Infraestruturas Educativas 2016/2020 para acometer a actuación de mellora da seguridade do CPI Ramón Piñeiro do Concello de Láncara mediante a execución das seguintes actuacións urxentes e inaprazables:

- retirada do muro e mellora da visibilidade á entrada e saída da centro
- arranxo do peche da zona

3.3.- Escrito da Asociación Cultural Val de Láncara, solicitando unha axuda económica para as actividades de baile e gaita.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Posponer para mellor estudo unha vez se poidan autorizar subvencións nominativas.

3.4.- O de don Manuel Arias López, no que solicita prórroga da licenza outorgada por acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 18 de decembro de 2015, notificada con data 20-01-2016, para intervención en cuberta en Praza Constitución, nº 5 A Pobra de San Xiao.

Segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, no artigo 145, respecto á caducidade de licenzas,

“1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

Visto que de conformidade coas previsións do artigo 18.2 derradeira liña, do decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, a declaración de caducidade dunha licenza urbanística esixe forma expresa, e a tramitación de expediente contradictorio; resolución que non se ten adoptado, como tampouco se tramitou o correspondente expediente.

Así as cousas, faise preciso concluír que a licenza para a que se solicita prórroga non se pode entender caducada.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prorrogar polo prazo de 3 meses, que se contará dende o día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, nas mesmas condicións que se estableceron no acordo de concesión, a vixencia da licenza urbanística concedida a don Manuel Arias López con data 20-01-2016, para intervención en cuberta en Praza Constitución, nº 5 A Pobra de San Xiao.

Segundo.- Desestimar a solicitude de prórroga de tres anos para a execución das obras por non ser conforme ó disposto no artigo 145 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

3.5.- Escrito da Deputación de Lugo, remitindo listaxe de candidatos relativa aos concellos de menos de 10.000 habitantes que están adheridos ao

Portal de Transparencia da Deputación para que o Concello emita o voto que considere mais oportuno.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar o voto a don José M^a López Rancaño de Abadín

3.6.- O do Xulgado do Social nº 1 de Lugo, que mediante cédula de citación de entrada no rexistro xeral do Concello o día 13 de abril de 2016 comunica a demanda por depido interposta por dona Mercedes Maseda Martínez 173/2016.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro: Comunicar como domicilio a efectos de notificacións a Casa Consistorial do Concello de Láncara, situada en Praza de Galicia, 17, 27360 A Pobra de San Xiao (Láncara).

Segundo: Persoarse no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 1 de Lugo, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao Gabinete de Asesoramento das Corporación Locais ao abeiro de canto se dispón no Regulamento da Deputación Provincial de Lugo sobre asesoramento e asistencia xurídica, económico-financeira e técnica aos concellos da provincia (BOP nº 109 do 15 de maio de 2009).

Terceiro: Comunicar a presente designación ao Gabinete de Asesoramento mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

4.- Recoñecemento de trienios.

4.1.- Solicitud de D^a Consuelo Martínez Santos, auxiliar do servizo de axuda no fogar do Concello de Láncara, solicitando o recoñecemento do 3^o trienio, xa que o 02-05-2016 cumpre 9 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 3^o trienio a favor da auxiliar do servizo de axuda no fogar D^a Consuelo Martínez Santos, con efectos administrativos desde 02-05-2016 e económicos desde o 1 de xuño de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas.

5.- Xustificación subvencións Xunta de Galicia.

5.1.- Requirimento de documentación á Conta xustificativa da axuda ó abeiro da Orde de 30 de marzo de 2015.

A Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado con data 14 de abril de 2016, de entrada no rexistro do Concello o día 20, require documentación no expte **BS305E 2015/63-0** acreditativa da efectividade dalgúns pagamentos que á data de xustificación da axuda non estaban realizados,

Polo exposto A Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo señor alcalde con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015), por unanimidade, en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Ampliar a conta xustificativa da aprobada por acordo de xunta de goberno local en sesión realizada o día 6 de outubro, completando as datas de recoñecemento da obriga e de pagamento realizadas con posterioridade a esa data no relativo á **relación clasificada de gastos correspondentes ó mantemento OMIX**

-Relación clasificada de gastos correspondentes a soldos e SS da Informadora Xuvenil da nómina de outubro

Acredor	Documento	Importe	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
M ^º Jesús López Loureiro	Nómina outubro (ata o 15)	600,23€	26/10/2015	26/10/2015	04/11/2015

Acredor	Documento	Importe	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Seg. Soc. (outubro)	TC	192,67 €	30/11/2015	30/11/2015	30/11/2015

-Relación clasificada de gastos correspondentes a luz

Acredor	Núm. Factura	Importe	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Gas Natural S.U.R.	01150711681360	49,33€	05/08/2015	20/10/2015	29/10/2015

-Relación clasificada de gastos correspondentes á material de oficina

Acredor	Núm. Factura	Importe	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Comunicaciones Callwomen 3000 S.L.	60945	793,64	30/07/2015	24/09/2015	15/10/2015

-Relación clasificada de gastos correspondentes ó teléfono e Internet

Acredor	Núm. Factura	Importe	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Telefónica S.A.U.	TA56J0840910	84,06€	04/10/2015	01/10/2015	05/10/2015

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en cumprimento do requirimento BS305E 2015/63-0.

5.2.- Conta xustificativa da axuda ó abeiro da orde do 22 de xuño pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia.

Vista a relación de gastos, co seguinte desglose:

Acredor	Núm. Factura	Importe/€	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Manuel A. Bande Rodríguez	1471	359,95	23/10/2015	29/10/2015	17/11/2015

Manuel A. Bande Rodríguez	1479	246,47	21/12/2015	28/12/2015	29/12/2015
Manuel A. Bande Rodríguez	1488	150,94	28/03/2016	28/03/2016	30/03/2016
Manuel A. Bande Rodríguez	1489	352,20	28/03/2016	28/03/2016	30/03/2016

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida.

Segundo.- Tomar razón na contabilidade da totalidade do gasto realizado a 1 de abril de 2016, para a mellora das coleccións bibliográficas.

Terceiro.- Prestar aprobación a conta xustificativa, cun gasto total de 1.109,56 €, co seguinte desglose:

Acredor	Núm. Factura	Importe/€	Data emisión	Data recoñ. obriga	Data pagamento
Manuel A. Bande Rodríguez	1471	359,95	23/10/2015	29/10/2015	17/11/2015
Manuel A. Bande Rodríguez	1479	246,47	21/12/2015	28/12/2015	29/12/2015
Manuel A. Bande Rodríguez	1488	150,94	28/03/2016	28/03/2016	30/03/2016
Manuel A. Bande Rodríguez	1489	352,20	28/03/2016	28/03/2016	30/03/2016

Cuarto.- Declarar que os fondos bibliográficos adquiridos coa subvención concedida a este Concello forman parte da colección da biblioteca, así como que máis da terceira parte, un 44%, do importe da subvención destínase a adquisición de fondo bibliográfica editado en lingua galega.

6.-Subvencións Xunta de Galicia.

6.1.-Orde do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A).

Vista a orde de referencia e tras breve deliberación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegados polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P do 15 de xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aproba-la solicitude de subvención para a promoción do uso da lingua galega, modalidade de creación dun servizo lingüístico e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

Segundo.- Facultar amplia e expresamente ó señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

7.- Autorización ocupación privativa de dominio público local.

Dase conta da proposta que se transcribe:

“Visto que o Concello de Lán cara é propietario dun ben inmovible patrimonial, finca denominada “Campo da Feira” situada en A Pobra de San Xiao que pretende arrendar.

O inmovible será destinado a uso de instalación de base de Telefonía Móbil.

A cesión do ben para a finalidade plantexada realízase sobre un ben inmovible patrimonial, a través do correspondente contrato de arrendamento,

cesión de uso ou de calquera outro negocio xurídico, que, por razón do seu obxecto, tería carácter civil e non administrativo.

Ó tratarse dun contrato privado, os aspectos substantivos, é dicir, o seu contido, efectos e extinción, virán regulados polo dereito privado; mentres que os aspectos formais, relativos á súa preparación e adxudicación, rexeranse polo disposto nas normas de contratación administrativa (Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 817/2009, o Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións en tanto continúe vixente), dado que, aínda que, os contratos privados patrimoniais, quedaron excluídos do ámbito de aplicación do TRLCSP, art. 4.1.o), rexe a teoría dos actos separables, art. 20 TRLCSP. Non obstante o anterior, o artigo 107.1 da LPAP para os bens de natureza patrimonial, precepto de carácter básico, (Disposición Final Segunda), establece o concurso como regra xeral nos procedementos de adxudicación dos contratos de arrendamento ou de explotación de bens e dereitos patrimoniais, salvo que por circunstancias excepcionais previstas nese mesmo artigo poida acudirse á adxudicación directa do contrato. As excepcións á regra xeral do concurso que se recollen no mencionado artigo 107.1 da LPAP son: as peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación. Todos estes, son conceptos xuridicamente indeterminados, de tal modo que as circunstancias determinantes da adxudicación directa deben quedar suficientemente acreditadas, xustificadas e motivadas no expediente. O mesmo sucede para o suposto dos bens dominio público, cuxa excepción ao réxime de concorrencia competitiva, vén contemplada nos arts. 93 e 137.4 da LPAP, coa diferenza de non ter o carácter de preceptos básicos.

Noutra orde, o capítulo II, da Lei 9/2014 de Telecomunicacións, reconece aos operadores o dereito á ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación de redes de comunicacións electrónicas, prevendo que a ocupación ou o dereito de uso do dominio público non poderá ser outorgada por procedemento de licitación (artigo 30 Lei 9/2014), aínda que, o recoñecemento deste dereito de ocupación por parte da lei, non debería ser óbice para a aplicación da lexislación patrimonial das administracións públicas, cando as infraestruturas se pretenden instalar en bens de titularidade municipal.

Considerado o anterior, facéndonos eco da xurisprudencia do TS en relación á competencia municipais nesta materia, cabería exporse a posibilidade prevista no artigo 32 da Lei de Telecomunicacións, cuxo tenor prevé que as administracións públicas fomentarán a celebración de acordos voluntarios entre operadores para a localización compartida e o uso compartido de infraestruturas situadas en bens de titularidade pública ou privada e, articular dita posibilidade en instrumentos de ordenación-xestión do territorio, co mesmo espírito de evitar a proliferación incontrolada de novas infraestruturas de radiocomunicación, que atenten de maneira excesiva contra a calidade da paisaxe rural e urbana, nese caso, podería articularse a contratación como unha operación singular, que habilitaría a adxudicación

directa ex artigo 107.1 LPAP, en relación co 30 da Lei 9/2014, na que queda acreditado o interese público de prestar o servizo de telefonía móbil e fomentar o uso compartido de infraestruturas entre os operadores de radiotelecomunicacións, o que implicaría que calquera operador de telefonía móbil interesado puidese instalarse nos mesmos terreos municipais por existir xa a infraestrutura necesaria, de tal modo que os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrència quedasen garantidos, sen que se establecesen dereitos preferentes ou exclusivos de acceso ou ocupación do dominio público a favor dun operador determinado.

Polo exposto dispoño

- Que se inicien os trámites previos á adopción do acordo por parte do órgano competente para o arrendamento.
- Que se redacten os pliegos para o arrendamento.
- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.
- Que se emita informe de valoración.
- Que se unan ó expediente cantos informes, certificados e documentos sexan precisos”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegados polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P do 15 de xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar a probación á transcrita proposición de alcaldía.

8.-Contratos menores

8.1.-Contrato menores para arrendamento de local a don Isidro Braña Castiñeira, representante da academia Emir.

No expediente de solicitude formulada por Isidro Braña Castiñeira, con D.N.I. 33.306.383-Z, de uso dun local para impartir un curso de informática os sábados dende o 23-04-2016 ao 23-11-2016, de 11:45 a 13:15 horas, nos mes de xuño os horarios pasarán os luns de 15:30 a 17:15 horas, xullo e agosto será de 11:45 a 13:15 horas os luns, unha vez comenzado o curso escolar pasa a impartirse os sábados de 11:45 a 13:15 horas.

Logo de ler o artigo 79.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, indica “2. Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente salvo a Entidades ou Institucións públicas e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro”.

O artigo 106 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, precepto básico, indica:

“Artigo 106 Contratos para a explotación de bens patrimoniais

1. A explotación dos bens ou dereitos patrimoniais poderá efectuarse a través de calquera negocio xurídico, típico ou atípico.

2. Serán de aplicación a estes negocios as normas contidas no capítulo I do título V desta lei.

3. Os contratos para a explotación dos bens ou dereitos patrimoniais non poderán ter unha duración superior a 20 anos, incluídas as prórrogas, salvo causas excepcionais debidamente xustificadas.

4. Poderán concertarse contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmuebles do Patrimonio do Estado con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables aos alleamentos.

Por outra banda, o artigo 107 do mesmo texto legal prevé que “1. Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberán xustificarse suficientemente no expediente”.

Visto o informe valoración do ben asinado pola arquitecta asesora municipal que acredita que o valor en venda do ben ascende a 13.590,50 euros, prezo que debe entenderse en cómputo anual, a razón de 1.132,54 euros mensuais, e 37,75 euros diarios.

Tendo en conta que o uso do local solicitado limitarase a unha hora e media semanal, polo que o uso pode considerarse limitado a un cuarto do día, co que o uso pode ser considerado un día ó mes.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato privado de arrendamento de local situado no anexo á Casa Consistorial a Isidro Braña Castiñeira, os sábados pola mañá de 11:45 a 13:15 horas do 23 de abril a 23 de novembro de 2016 (agás xuño, que será os luns de 15:30 a 17:15 horas e xullo e agosto os luns de 11:45 a 13:15 horas), por importe de 37,75 euros cada mes máis IVE.

9.- Autorización de gastos.

Non houbo.

10.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

10.1.-Limpergal, SL. fac. nº 1236, recollida lixo abril, 4884,92 €.

10.2.-Mafre, fac. nº 14702, póliza asistencia sanitaria abril, 355,27 €.

10.3.- Club Sarria XR, fac. nº 12 ximnasia rítmica 2º trimestre, 1161,6 €

10.4.-Siemens, fac. nº 0093719518, renting equipos informáticos, 362,92 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

11.-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

11.1.-Cepsa, fac. nº 0363591, gasolina para cortacésped, 112,50 €

11.2.-Jesús Angel Covas Ferreiro,fac. nº 11, acondicionamento e mellora báscula de Ronfe, 1996,50 €.

11.3.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº E/6 traballos estrada do cemiterio, 137,94 €.

11.4.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº E/5, retirar desprendemento de árbores e terra en Sobrerriba Rebordelo, 229,90

11.5.-Goretty Loureiro López, fac. nº 3, bacheo con zahorra camiño de Illoa, 363,00 €

11.6.-Goretty Loureiro López, fac. nº 4, colocar poste de ferro e peche na depuradora de augas residuais 605,00 €

11.7.-Sarriauto, S.L., fac. nº 275, reparación citroen berlingo 1086GGY, 672,17€.

11.8.-Carlos Rodríguez González, fac. nº 174, colocar punto de luz en Pedreira, 617,76 €.

11.9.-Canteras de Muro S.L., fac. nº319, “jabre” para Campo da Feira, 64,40 €

11.10.-Manuel A Bande Rodríguez,fac. nº 1490, material escolar gañador premio postal Nadal, 100,00 €

11.11-Servital Servicios Sociosanitarios S.-L., fac. nº 5209, servizo de axuda a domicilio dependencia marzo, 165,96 €.

11.12.-Crescon 2000 S.L.U., traballos no pabillón do Campo da Feira, 770,77 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

12.-Asuntos de urxencia.

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.